



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES

## ACTA

**Nº 80 Ano 2025.**

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Laboral Intercentros, sendo as 10:35 horas do día 16 de decembro de 2025, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

### **ASISTENTES:**

#### **REPRESENTANTES DA EMPRESA:**

| <b><i>Nome</i></b>     | <b><i>Posto</i></b>  | <b><i>Teléfono</i></b> |
|------------------------|----------------------|------------------------|
| Ana Otero Ferreiro     | S.X. Presidencia     | 4.42.85                |
| Carlos Gomez Martinez  | S.X. Emprego         | 4.47.71                |
| Aldara Miguez Gonzalez | D.X. Función Pública | 4.52.37                |

#### **REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES**

| <b><i>Nome</i></b>      | <b><i>Organización Sindical</i></b> | <b><i>Teléfono</i></b> |
|-------------------------|-------------------------------------|------------------------|
| Eduardo Freire Pousa    | CC.OO.                              | 660-040-056            |
| Jose Manuel Suarez Lago | CSIF                                | 881-542-850            |
| Mª Jose Crespo Hermida  | CIG                                 | 607-995-385            |

Asisten asimismo Pablo Díaz Vázquez, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais e José Acuña Vilas, por Vitaly HS.

---

#### **1.- Lectura e aprobación da acta da última reunión.**

Apróbase a proposta de acta presentada.

**2º Presentación e debate da programación das actividades preventivas de riscos laborais a realizar no 2025 pola Admón. Xeral da Xunta de Galicia.**  
**Para unha mellor articulación deste debate, realizarase por apartados:**

- |                       |                        |
|-----------------------|------------------------|
| a) Xestión            | b) Avaliacións         |
| c) Medidas Emerxencia | d) Vixilancia da saúde |



#### **e) Formación**

#### **f) Investigación accidentes**

#### **g) Participación Sindical**

O Xefe do Servizo de Prevención expón por apartados a programación elaborada, no relativo a xestión da prevención, informase que no segundo semestre deste ano foi adxudicada a empresa Vitaly HS, antiga Cualtis, a colaboración nas actividades de prevención de riscos laborais, dito contrato de prestación de servizos rematará o día 01/10/2027.

En canto as avaliacións, CSIF e CIG solicitan a avaliación dos riscos psicosociais en todos os centros de traballo. A Administración resposta que nesta cuestión xa hai acordos deste comité, polos que na enquisa presentada ó persoal do centro avaliado figuran varios items relativos a riscos psicosociais, e se constátase a existencia dos mesmos, a través das respostas dadas, realizaríase de oficio unha actuación concreta nese centro. Estas actuacións específicas sobre riscos psicosociais, nun centro concreto, tamen poden levarse adiante de aprobarse no Comité de Seguridade e Saúde Laboral correspondente, ou a requerimento da Inspección de Traballo, coma tamen temos acordado neste Comité. CIG expón que na Escola Náutico Pesqueira de Ferrol pediuse e non se fixo unha avaliación de riscos psicosociais, a Administración manifesta que recabará información no comité respectivo sobre este asunto. CSIF propón unha mellora da enquisa das avaliacións, nos items relativos a riscos psicosociais, a Administración pídelles que presente esas propostas concretas para poder debatilas.

No referente a medidas de emerxencia, non hai intervencións.

No apartado de vixilancia da saúde, a parte sindical comenta que na comarca do Deza, houbo problemas na realización dos recoñecementos médicos, Vitaly manifesta que houbo retrasos, debido a problemas que xa están solucionados. Na cuestión da formación, non houbo intervencións.

En canto a investigación de accidentes, CSIF pide que se dé traslado aos delegados de prevención das investigacións, na busca dunha maior participación destés, o Servizo de Prevención considera que excepto en accidentes graves, a minoría, nos leves chega coa actuación do servizo.

No referente a participación sindical, requírese de novo unha actuación da administración, para que no 2026, reunanse comités que durante o 2025 non o fixeron.

### **3.- Rogos e preguntas.**

CIG roga que as persoas traballadoras que acudan ó Hospital Juan Cardona de Ferrol, por sufrir un accidente de traballo, non sexan derivadas a clínica de Vitaly na Coruña, e as atendan alí, aforrandose o desprazamento. Vitaly resposta que falará coa dirección do Hospital.

CIG roga que se imparta formación ó persoal afectado por riscos biolóxicos emerxentes, gripe porcina, gripe aviar... O Servizo de Prevención fará unha proposta que traerá para o seu debate e aprobación.



Levántase a sesión, sendo as 11:40 h.

Vº E PRACE  
A PRESIDENTA

ANA OTERO FERREIRO

O SECRETARIO

EDUARDO FREIRE POUSA